

John Forbes Nash (Bluefield, 1928-)



Matemático estadounidense.

En xuño de 1945 matriculouse na actual Universidade Carnegie Mellon para estudar enxeñaría química. Pero un profesor, decatándose da súa habilidade para as Matemáticas, convenceuno para que se especializara nelas.

Tres anos máis tarde aceptou unha bolsa da Universidade de Princeton para o doutoramento en Matemáticas. A carta de recomendación contiña unha única liña: «Este home é un xenio».

Con 21 anos doutorouse cunha tese, de menos de 30 páxinas, sobre xogos non cooperativos.

Inventou un xogo «matematicamente perfecto».

En 1949 escribiu o artigo «*Puntos de equilibrio en xogos de n-persoas*», en que define o equilibrio que se coñece como «*equilibrio de Nash*».

Casou en 1957 cunha antiga alumna súa do MIT, a salvadoreña Alicia Lardé. Un ano despois do seu matrimonio diagnosticáronlle esquizofrenia, e todo cambiou para el.

Foi Premio Nobel de Economía en 1994, polas súas contribucións á teoría de xogos e aos procesos de negociación.

A película «*Unha mente maravillosa*», dirixida por Ron Howard (2001), está baseada no libro homónimo de Sylvia Nasar (1999) e narra a súa vida.